



OS INSTRUMENTOS DA ORQUESTRA

O martes día 16 de marzo tivemos unha saída a Ourense para ver un concerto didáctico. Collimos o autobús e chegamos alí sobre as 11 da mañá. Como tiñamos uns minutíños ata o comezo do concerto decidimos ir ata a catedral. Despois de visitala por dentro volvimos ó auditorio onde xa comezaban a chegar outros colexios.



Cando entramos e chegamos á porta da sala de concertos pediron dous voluntarios e alí foron Adrián e Paula de 6º. Os dous tiveron que saír á escea nunha das primeiras pezas da familia de corda e ir sinalando cun cartel, que parte da peza estabamos escoitando: A, B ou a CODA.

Despois da familia de corda saíron a escea os tubos, non, non, mellor dito, os instrumentos da familia de vento, tanto os de madeira como os de metal. E, por último a percusión. Algúns dos instrumentos tamén os temos nós na clase de música. Por exemplo, as maracas ou as claves.



O concerto foi moi divertido e participamos todos: dando palmas, dicindo o nome dalgún instrumento... pero sobretudo rindo e pas ándoo ben. Iso sí, tamén aprendimos moitas cousas.

Ó saír do auditorio xa nos agardaba o autobús e collémolo para ir ata Outariz. Tivemos un día fermosísimo e nas pozas había xente bañándose. Mágoa de non ter levado o bañador. Xantamos alí un bocata, fixemos unhas fotos de grupo e pouco despois regresamos para o colexio.

